




JULIO PRIETO NESPEREIRA

O maestro do gravado académico



JP





Julio Prieto Nespereira, fillo adoptivo de *Pontedeume*, é un dos mellores grabadores da *Historia da Arte española*, aínda que tamén foi pintor, escultor e debuxante.

Naceu o 7 de decembro de 1896 no barrio do *Posío* da cidade de *Ourense*, na rúa *Porta de Aire*, que desde 1934 se chama "**Prieto Nespereira**". Con 11 anos fundou xunto con outros amigos a sociedade de "*Exploradores de Ourense*", e **Prieto** facía os debuxos das paisaxes. Un día ensinoulle estes debuxos a *Salvador Padilla*, director naquel momento do *Instituto de Ourense*, e a *Xesús Soria*, profesor de debuxo nese mesmo instituto, que incentivaron unha exposición destas obras na *Sociedade de Exploradores*. A esta exposición acudiu a *Infanta Isabel*, que aconsellou ao rapaz que fora a *Madrid* a estudar, ficando decidida a súa vocación desde ese momento. Esta vocación do rapaz foi ben aceptada dado que pertencía a unha familia de artistas; con todo, o seu pai aconselloulle aprobar unha oposición que lle garantira o sustento antes de entrar na *Academia de Bellas Artes de San Fernando*.

Deste xeito, ao finalizar os seus estudos superou a oposición de "*Topógrafo-Delinate Técnico do Ministerio de Facenda*", á vez que iniciaba a aprendizaxe na *Academia*. Neste momento aínda non se estudaban as vangardas, de aí que tomara tamén clases particulares nestas novas concepcións artísticas e intelectuais con *Fernando Álvarez de Sotomayor*, galego e amigo, que era o director do *Museo do Prado*.

JULIO PRIETO NESPEREIRA





Rematou os estudos na *Academia de San Fernando* e en 1922 e comezou a enviar os seus traballos a diferentes *Bienais de Belas Artes*, momento no que tamén antepoñeu a faceta de gravador á de pintor. A súa obra comezou a ser ben valorada e a obter recoñecemento internacional. A *Sociedade de Amigos del Arte*, institución arxentina, convidouno en 1928 a expoñer en *Bos Aires* unha selección dos seus gravados e lenzos. O presidente arxentino, *Alvear*, quedou entusiasmado coa exposición, así como o embaixador español, *Ramiro de Maeztu*. Desde ese momento, **Prieto Nespereira** dedicouse a contribuír no mellor coñecemento mutuo entre os artistas a ámbolos lados do *Atlántico*.

5

Ese mesmo ano de 1928 casou coa cantante *Carmen Francisca Alcaraz*, e dous anos máis tarde naceu a súa filla *Ester*. Mais en 1932 morreu *Carmen*, quedando desde ese momento o fogar reducido a súa filla máis el. Con todo, este ano tivo tamén alguna boa nova, pois reorganizouse a *Agrupación Española de Artistas Grabadores* da que **Julio Prieto Nespereira** foi presidente a maior parte da súa vida. A comezos de 1936 recibiu o premio nacional de gravado.

A *Guerra Civil* colleuno sendo profesor de *Teoría do Gravado na Escuela de Artes y Oficios de Barcelona*. Non deixou de gravar durante os acontecementos bélicos, aínda que si despois deles dado que escaseaban os materiais necesarios. A pesares disto, concibiu o proxecto de levar ao estranxeiro grandes exposicións de

JULIO PRIETO NESPEREIRA



gravado español, aproveitando unha bolsa do *Ministerio de Asuntos Exteriores*. Comezou pola súa propia exposición en 1947, convidado polas municipalidades de *Río de Xaneiro*, *San Paulo* e *Montevideo*. Nesta década dos 40 comezou a veranear en *Pontedeume*.

En 1952 propuxo á *Dirección General de Relaciones Culturales* a organización dunha exposición adicada a *Goya* e ao gravado español contemporáneo, o que aceptaron a cambio de que **Prieto** fora o comisario da mostra. Este acontecemento tivo eco mundial, o que incitou a outros países a organizar *Bienais* e exposicións itinerantes de gravado actual. Esta mostra de *Goya* foi exposta en *Latinoamérica*, *Estados Unidos* ou *Xapón*, o que lle permitiu a **Prieto** viaxar arredor do mundo realizando conferencias.

6

Despois deste éxito foi nomeado comisario e director da *II Bienal Hispanoamericana*, celebrada con éxito en *La Habana* en 1954. A partires de entón dedicouse sobre todo a gravar e pintar, aínda que sen descoidar outras facetas. Tamén evolucionou o seu estilo, que ata o momento era figurativo, amosando novos conceptos plásticos. En 1959 pasou novamente o verán en *Galicia*, comezando a súa serie de “bodegóns”.

En 1960 foi nomeado *Vicerreitor da Escola Nacional de Artes Gráficas*, e en 1968 foi designado director do *Museo Nacional de Grabado*, creado o ano anterior a proposta súa. Foron anos tamén de antoloxías e exposicións,

JULIO PRIETO NESPEREIRA







como a do *Museo de Arte Moderno de Madrid* en 1966 ou a de *Nova Iorque* en 1971, respectivamente. Foi precisamente na antoloxía do *Museo de Arte Moderno* onde amosou por vez primeira series famosas da súa arte como “*Hombres de mar*”, “*Mujeres del campo gallego*” e “*Peces rotos*” (estas series con algúns exemplos na exposición permanente de gravados do *Centro de Interpretación dos Andrade*).

En 1980 a cidade de *Lugo* inauguraba unha sala monográfica adicada a el, dedicándolle ademais unha rúa. En 1986 a vila de *Pontedeume* acolleuno como fillo adoptivo da vila, e de aí que o artista doara unha parte da súa obra para crear a exposición permanente no *Centro de Interpretación dos Andrade*, dentro do *Torreón* da vila eumesa. Esta estreita vinculación con *Pontedeume* fixo que os seus restos repousen no cemiterio desta vila desde a súa morte, o 5 de agosto de 1991.

Ao longo da súa vida, **Prieto Nespereira** soubo combinar o exercicio da súa arte co ensino do gravado en *Madrid*, *Valencia* ou *Barcelona*, así como co estudo de novas técnicas e exposicións en museos que lle diron todo o prestixio e respecto que merecía.

JULIO PRIETO NESPEREIRA





Desde 1921 **Prieto Nespereira** abandonou a pintura, aínda que non por completo, destacando como gravador. A súa evolución foi constante debido á dispoñibilidade de novos materiais e ferramentas que foron permitindo a formulación de novos retos e diversas maneiras de expresarse artisticamente. Ao principio preferiu o gravado en madeira, especialmente na etapa figurativa inicial, mais pronto comprendeu que o gravado máis auténtico é o augaforte, sobre todo desde que se puido gravar en cor. Nesta primeira etapa realizou grandes series de paisaxes e temas rexionais galegos. Desde 1925 a 1950, a súa etapa máis recoñecida na que amosou unha evolución lenta, instaurou o predominio do augaforte e abandonou a xilografía. Pódese destacar a súa obra "*Catedral de Segovia*".

9

Desde 1950 comezou unha etapa non imitativa, aínda que percibíndose escenas populares en esquematización cubista. Podemos destacar neste período "*Mujeres gallegas hacia el mercado*", de 1955. Foi unha etapa de plenitude, alternada con ensaios de nova figuración, perceptibles especialmente nos peixes esquemáticos así como nos bodegóns e composicións libres. En 1959 comezou a súa serie de "*bodegóns*".

Cara 1960 atravesou un momento expresionista, con ritmos moi movidos de raigame poscubista e predominio da xeometría. Obra destacada deste etapa é a "*Composición marinera I*", de 1960. Desde o punto de

JULIO PRIETO NESPEREIRA



vista estilístico, os augafortes “figurativos” consistían en interpretacións libres, nas que máis que a aparencia real tendía a captar a alma do que representaba. En 1962 realizou a serie de “*Castillos de España*”. En 1966 realizouse unha exposición antolóxica no *Museo de Arte Moderno*, onde presentou por vez primeira a serie “*Hombres del Mar*”, “*Mujeres del Campo Gallego*” e “*Peces Rotos*”.

A temática dos gravados posteriores é máis “neutral”. Os restos ou fragmentos dos “*peixes rotos*” contan cunha alusión continua ao mundo real e un microrrealismo de factura e materia, posto ao servizo da representación dos máis humildes obxectos, como espiñas ou chatarras. Isto aproxima este momento ao movemento “pop” ou ao novorrealismo. Ao esconder parcialmente os obxectos representados, **Prieto** quere que augafortista e espectador colaboren na invención do obxecto.

Algúns dos lugares onde é posible contemplar parte da súa obra son:

- *A Colección de Gravados no Museo Municipal de Ourense.*
- *No Arquivo Municipal de A Coruña.*
- *A sala monográfica no Museo Provincial de Lugo.*
- *1588 gravados no Museo de Pontevedra.*

JULIO PRIETO NESPEREIRA



- *Sala de mostras do Edificio Simeón no Centro Cultural da Deputación de Ourense.*
- *Fondo Documental e máis de 200 gravados na Fundación Julio Prieto Nespereira en Ourense.*
- *E, por suposto, no Centro de Interpretación dos Andrade, en Pontedeume, que conta con 27 gravados dentro da súa sala do terceiro piso, inaugurada en 1987.*



RECONOCIMIENTOS

Ao longo da súa dilatada traxectoria, os recoñecementos e galardóns que obtivo Prieto Nespereira foron numerosos, convertíndoo nun dos artistas españois máis valorados nacional e internacionalmente. Podemos destacar os seguintes:

- **1925:** Premio no *Salón de Outono de Madrid* co título de "Socio de Mérito".
- **1926:** Terceira medalla na *Escola Nacional de Belas Artes*. Convidado á *Bienal de Venecia*.
- **1930:** Segunda Medalla na *Exposición Nacional de Belas Artes*. Premio de Honor na *Exposición Hispanoamerica de Sevilla*.
- **1932:** Medalla de Ouro na *Exposición Nacional de Bellas Artes*.
- **1935:** Premio "Duque de Alba" no concurso nacional organizado polo *Círculo de Belas Artes de Madrid*.
- **1936:** Premio Nacional de Gravado.
- **1944:** Ingresna na *Real Academia Galega* e na *Real Academia de Belas Artes*.
- **1946:** Recibe invitacións dos gobernos de *Uruguai* e *Brasil*, obtendo a condición de bolseiro polo *Ministerio de Asuntos Exteriores* para estas viaxes.



- 1947/48: Viaxe a *Brasil* e *Uruguai*. *Montevideo* o fai "huésped oficial".
- 1949: Gran homenaxe en *Madrid*.
- 1952: Organiza, coa *Dirección Xeral de Relacións Culturais do Ministerio de Asuntos Exteriores*, a exposición "*Goya y el Grabado Español*", séculos XVIII, XIX e XX. O ministro de Exteriores nomeáo comisario xeral e director da exposición.
- 1953: En *La Habana* é representante español na *Junta Nacional*, que organiza a *Segunda Bienal Hispanoamericana de Arte*. Medalla de Ouro da "Agrupación de Gravadores de Cuba".
- 1954/55: Nomeado delegado de España na *Segunda Bienal Hispanoamericana de Arte* e comisario xeral da mesma en *La Habana*. Gran Premio da Bienal Hispanoamericana de Arte.
- 1960: Nomeado vicedirector da *Escuela Nacional de Artes Gráficas*.
- 1961: Premio "Fundación Juan March".
- 1964: No *XIII Salón de Gravado* obtén un grande éxito de crítica, no que se dan varias conferencias e coloquios, con "*Los toros en el grabado en Goya y Picasso*".



- **1967:** Homenaxe da *Agrupación Española de Artistas Gravadores*. Medalla de honra desta agrupación. Premio da crítica de Arte de *Barcelona* á mellor exposición do mes. Medalla-homenaxe dos artistas gravadores cataláns. O *Consello de Ministros* acorda crear, a proposta de **Prieto**, o *Museo Nacional de Gravado Contemporáneo y Sistemas de Estampación*. *XVI Salón de Gravado*, con premios al “*Camiño de Santiago*”, no *Ano Santo*.
- **1968:** O *ministro de Educación e Ciencia* o nomea director do Museo Nacional de Arte Contemporáneo e Sistemas de Estampación, e presidente do padroado do mesmo. Dedícaselle o programa de televisión “*Esta es su vida*”. Expón na *galería Kreisler*, de *Madrid*, pintura, escultura e gravado.
- **1972:** A proposta de *Florentino Pérez Embid, Franco* concedeulle a encomenda con placa da Orden Imperial do Xugo e as Frechas, así como Medalla de Ouro ao Mérito en Belas Artes.
- **1974:** Medalla de Ouro ao Mérito en Belas Artes.
- **1976:** Premio de Honra na *Bienal do Gravado Hispano-Arxentino de Mendoza*.



- **1980:** Os *Reis* españois outorgáronlle **diploma e medalla** do centenario do *Círculo de Belas Artes*. Ao mesmo tempo, a cidade de *Lugo* inaugurou unha sala monográfica adicada a **Prieto Nespereira** e dedicoulle unha das súas rúas.
- **1986:** a vila de *Pontedeume* nomeouno "**Fillo Adoptivo**".
- Póstumamente, creouse a *Bienal Internacional de Gravado* que leva o seu nome, patrocinada pola *Xunta de Galicia*.
- **Socio de honra** do *Círculo de Belas Artes de Madrid*, do *Salón de Outono de Madrid*, do *Centro Galego de Barcelona* e de mérito do *Real Círculo Artístico de Barcelona*.
- **Fundador** do *Museo Nacional del Grabado e do Museo de Ourense*. Para ambos regalou unha grande parte das obras da súa colección privada.
- Está **condecorado** coa *Orde Nacional ao Mérito do Ecuador*, coa *Orde de Isabel a Católica*, e coas *Frechas e Xugo e o Mérito de Belas Artes*.
- Ten obras nos Museos españois e estranxeiros e en importantes pinacotecas de todo o mundo.

JULIO PRIETO NESPEREIRA



O escritor e amigo persoal, *Ramón Otero Pedrayo*, dixo de **Prieto Nespereira**:

*“...Hai máis dun ano, **Julio Prieto Nespereira** é o director do Museo Nacional de Grabado Contemporáneo e presidente do seu Padroado. Goya, sempre representado como severo e aínda áspero carácter, non lle tería regateado a súa franca e total noraboa.”*

*“...Como é gloria e tradición da plástica española, **Julio Prieto Nespereira** alentou sempre na significación universal e humana da arte e saber ser, noblemente, embaixador da súa arte como en días tamén gloriosos o foron os **Van Eyck, Rubens, Velázquez, Claudio de Lorena**, das súas patrias e escolas...”*

17

Ou, en palabras do poeta *José Hierro* (premio Cervantes no ano 1998):

*“**Prieto Nespereira** é un exemplo de cómo a imaxinación creadora soamente pode acadar a súa verdadeira expresión, grazas ao traballo insistente e á preparación escolástica para que os resultados estean case previstos.”*

JULIO PRIETO NESPEREIRA



REFERENCES
BIBLIOGRAPHICS

- Sala de Exposición Permanente do Centro de Interpretación dos Andrade, en Pontedeume.
- AREÁN, C., Julio Prieto Nespereira, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1973.
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesprietonespereira/node/190>
- Fotografía Prieto Nespereira: Libro Prieto Nespereira. Edita Xunta de Galicia. Depósito legal C 990 -86.
- Ilustración de (pé de páxina) Julio Prieto Nespereira, La zarpa 1927.

www.pontedeume.gal



